



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Traballo de fin de grao	Código	750G02036	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	BioloxíaCiencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Profesorado	Alonso Tajés, Francisco Bouza Prego, María angeles Carballo Díaz, Juan Luis Díaz Díaz, Ana María Facio Villanueva, Angel Freijomil Vázquez, Carla Gil Manso, Pedro Gonzalez Martin, M. Cristina López López, Daniel Lopez Lopez, Luis López Martínez, Noemia Zeltia Maseda Rodríguez, Ana Belén Mosquera Fernandez, Abian Nuñez Fernández, Lucia Pérez García, Sergio Pértega Díaz, Sonia Romero Martin, Manuel Romero Soto, Manuel Santalla Borreiros, Fátima Seoane Pillado, María Teresa Sobrido Prieto, María Souto Gestal, Antonio	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es maria.prego@udc.es juan.carballo1@udc.es ana.ddiaz@udc.es angel.facio@udc.es carla.freijomil@udc.es pedro.gil.manso@udc.es cristina.gmartin@udc.es daniel.lopez.lopez@udc.es luis.lopezl@udc.es zeltia.lopezm@udc.es ana.maseda@udc.es abian.mosquera.fernandez@udc.es lucia.nunez@udc.es sergio.perez.garcia@udc.es s.pertega@udc.es manuel.romero.martin@udc.es manuel.romero.soto@udc.es f.santalla@udc.es maria.teresa.seoane.pillado@udc.es maria.sobrido@udc.es antonio.souto@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>Proxecto ou Traballo de Fin de Grao consta de 6 ECTS que se realizará no 2º cuatrimestre de 4º curso. Por tanto, os estudos de Grao de Podoloxía concluirán coa elaboración e defensa do Proxecto ou Traballo de Fin de Grao que estará orientado á avaliación das competencias asociadas ó título, tal como prevé o RD 1393/2007 e a Orde CIN/728/2009 polos que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión Podólogo.</p> <p>Materia transversal cuxo traballo se realizará asociado a distintas materias, co obxectivo de integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.</p> <p>A UDC e a memoria del Título de Grao en Podoloxía establecen que os estudantes poden matricularse no TFG unha vez exista constancia fidedigna de que superou un total de 180 ECTS, incluídos todos os da primeira metade del plan de estudos.</p>			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

- Non haberá cambios nos contidos.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

Actividades iniciais e Traballos tutelados

*Metodoloxías docentes que se modifican

Presentación Oral: Adaptada a docencia non presencial. Unha vez o estudante obteña a autorización de defensa do traballo por parte do seu titor, deberá solicitar a defensa do mesmo. A exposición e defensa do traballo será en formato virtual a través da plataforma Teams.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

- Os seminarios metodolóxicos/tarefas iniciais e titorías co/s director/es que non foran xa virtuais, franse por vía TEAMS da materia de TFG.

4. Modificacións na avaliación

A avaliación do traballo tutelado:

Realizarase polo/a director/a que deberá emitir un informe detallado e una calificación sobre o traballo realizado. A nota máxima acadada neste apartado poderá ser de 8 puntos.

- A avaliación da presentación oral:

O estudante defenderá o traballo ante o Titor, nunha sesión de formato non presencial na plataforma Teams que será pública e grabada, mediante unha reunión convocada e gravada polo propio director do TFG (previo acordo co alumno e dentro do canal do período correspondente), na que o alumno adxuntará o PDF do seu TFG. A defensa consistirá na exposición oral e non presencial do traballo durante un tempo máximo de 10 minutos, na que se dará conta dos aspectos máis relevantes da actividade realizada. Logo da exposición, o titor poderá formular as preguntas e solicitar as consideracións que considere oportunas, as que o estudante deberá dar resposta. O tempo máximo establecido para esta defensa será de 10 minutos. A nota máxima acadada neste apartado poderá ser de 2 puntos.

O tribunal formarase por tres membros docentes da Facultade de Enfermaría e Podoloxía pertencentes á comisión de docencia e validacions, ao equipo decanal, ou á coordinación de título e curso.

O devandito tribunal reunirse nunha sesión destinada á revisión dos TFGs depositados e defendidos na convocatoria. Unha vez verificado que non existe ningún defecto de forma, nin signos de mala praxe durante o proceso, o secretario do tribunal asinará a acta coa nota proposta polo(s)/a(s) director(es)/a(s).

*Observacións de avaliación:

- Se designará 1 tribunal avaliador de TFG para a oportunidade de Xuño e Xullo que será o mesmo que para de setembro.

- Os membros do Tribunal serán designados de entre os compoñentes da Comisión de Docencia, o equipo de goberno da Facultade e a Coordinación do Título, do seguinte xeito:

- Presidente/a: Responsable do título.
- Secretario/a: Vicedecano do Título.
- Vocal: Docente representante do título na Comisión de Docencia.
- Suplente: tomarase entre os membros da comisión de Coordinación do Grao formada polos coordinadores de prácticas e de curso (de último a primeiro).

- O/A director/a dun TFG non poderá formar parte do tribunal que ratifica a calificación final dun traballo.

- O/a secretario/a do tribunal encargarase de introducir e asinar as cualificacións dos TFG nas actas dixitais no prazo establecido.

- Antes do peche de actas o tribunal publicará a data e a hora da revisión (formato non presencial). Na revisión estará presente cando menos, un membro do tribunal avaliador e o Director do TFG.

- Aqueles traballos que acaden unha cualificación numérica igual ou superior a 7 (previa a corrección segundo a nota do



expediente do estudante), serán remitidos ao Repositorio Institucional da UDC (RUC, co enderezo web <<http://ruc.udc.es>>) para a súa publicación.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se plantexan modificacións bibliográficas.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A56	Utilizar elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análise epidemiolóxicos.
A57	Aplicar os métodos de investigación e preparación científica.
A58	Adquirir a capacidade crítica sobre publicacións científicas.
A59	Adquirir a capacidade de comunicar nos foros científicos os avances profesionais.
A60	Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B9	Fomento dunha segunda lingua de interese para a profesión.
B11	Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.
B16	Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo.
B18	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B21	Habilidades interpersonais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Utilizar los elementos de documentación, estadística, informática y los métodos generales de análisis epidemiológicos	A56 A57 A58 A59 A60	B2 B3 B4 B6 B9 B12 B16
Aplicar los métodos de investigación y preparación científica	A56 A57 A58 A60	B2 B3 B11 B12 B19	C1 C2 C7 C8



Capacidad crítica sobre publicaciones científicas	A56	B1	C3
	A57	B2	C4
	A58	B3	C6
	A59	B12	
	A60	B14	
		B16	
Comunicar en los foros científicos los avances profesionales	A56	B7	C1
	A57	B9	C2
	A58	B12	C3
	A59	B18	
	A60	B21	

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>O traballo de final de grao tratará de xeito fundamental sobre temas e aspectos da profesión podolóxica.</p> <p>Tratase dun proceso onde o estudante deberá optar entre os campos temático propostos.</p> <p>Cada un dos subtemas poderá ofertar liñas concretas de investigación.</p>	<p>Temas ou campos:</p> <p>Principios básicos e xerais en Podoloxía: Anatomía, Fisioloxía, Psicoloxía, Bioloxía, Microbiloxía e Parasitoloxía, Patoloxía Xeral, Farmacoloxía, Sistemas de información e comunicación en ciencias da saúde y Metodo científico e saúde publica.</p> <p>Podoloxía Xeral e Biomecánica: Podoloxía Xeral, Biomecánica do membro inferior, Radiodiagnóstico e radioprotección, Podoloxía preventiva, Bioética, lexislación e xestión en Podoloxía.</p> <p>Patoloxía Podolóxica, Tratamentos ortopodolóxicos, físicos e farmacolóxicos: Ortopodoloxía, Ortesioloxía dixital e calzadoterapia, Patoloxía podolóxica, Podoloxía física, Terapeútica farmacolóxica, Podoloxía deportiva, Dermatoloxía.</p> <p>Quiropodoloxía e Cirurxía Podolóxica: Quiropodoloxía, Cirurxía Podolóxica, Pé de risco, técnicas e procedementos en prevención da infección.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A56 A58 C3	20	10	30
Traballos tutelados	A56 A57 A58 A60 B1 B2 B3 B4 B6 B9 B11 B12 B14 B16 B19 B21 C1 C2 C4 C6 C7 C8	0	105	105
Presentación oral	A57 A59 A60 B7 B9 B18 B21 C1 C2	1	6	7
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Realizarase unha presentación do TFG e planificaranse seminarios metodolóxicos de inicio e seguimento do traballo.
Traballos tutelados	O alumno debe desenrolar baixo a tutela do seu tutor/es un traballo seguindo as especificacións do regulamento para a elaboración dos traballos de fin de grao na facultade de enfermería e Podoloxía. O traballo realizado deberá seguir o esquemas dunha das seguintes modalidades: - Revisión narrativa - Revisión sistemática - Estudo dun caso - Proposta de investigación - Traballo de investigación
Presentación oral	Unha vez que o estudante obteña a autorización de defesnsa do traballo por parte do seu titor/a deberá solicitar a defensa do mesmo seguindo o regulamento do TFG da Facultade de Enfermaría e Podoloxía. Deberá de defender o traballo ante o tribunal asignado, seguindo o regulamento de TFG da Facultade de Enfermaría e Podoloxía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención persoalizada ten como finalidade orientar os/as alumnos/as no desenrolo e planificación do traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A57 A59 A60 B7 B9 B18 B21 C1 C2	A avaliación do TFG realizarase seguindo os criterios de avaliación establecidos no Regulamento de Traballo de Fin de Grao da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, que esté en vigor ao inicio do curso académico correspondente. Este regulamento debe ter sido aprobado pola comisión de Docencia e Convalidacións da FEP e na Xunta de Facultade.	0
Traballos tutelados	A56 A57 A58 A60 B1 B2 B3 B4 B6 B9 B11 B12 B14 B16 B19 B21 C1 C2 C4 C6 C7 C8	A avaliación do TFG realizarase seguindo os criterios de avaliación establecidos no Regulamento de Traballo de Fin de Grao da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, que esté en vigor ao inicio do curso académico correspondente. Este regulamento debe ter sido aprobado pola comisión de Docencia e Convalidacións da FEP e na Xunta de Facultade.	0

Observacións avaliación

<p>O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez se teña constancia fidedigna de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para obter o título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG, tal e como recolle no texto consolidado da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG.</p> <p>O tribunal avaliador contará con todas as calificacións precisas para establecer a calificación final.</p> <p>O/A secretario/a do tribunal cubrirá a acta e calificación final do TFG, que se fará pública ao finalizar a avaliación de todos os alumnos presentados nesa convocatoria.</p> <p>No caso de que un/ha alumno/a sexa declarado/a non apto/a o tribunal faralles chegar tanto a el/a como ao/s titor/es do traballo as recomendacións que considere oportunas.</p> <p>No caso de non superar a avaliación do tribunal do traballo tutelado (calificación inferior a 2,5 puntos) a calificación que constará na acta de avaliación será a calificación acadada nese apartado en base 10.</p>



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Del Pino Casado R, Martínez Riera JR (2016). Manual para la elaboración y defensa del trabajo fin de grado en Ciencias de la Salud. Barcelona: Elsevier Polgar S (2014). Introducción a la investigación en ciencias de la salud. Barcelona: Elsevier Echevarría Pérez P (Dir) (2016). Investigación en metodología y lenguajes enfermeros. Barcelona: Elsevier Fernández-Lasquetty Blanc B (2013). Introducción a la investigación en enfermería . Madrid : Difusión Avances Enfermería Albert Florensa JS (ed) (2017). Ética de la investigación científica. Bilbao: Desclee de Brouwer</p> <p>VÍDEOS E OUTROS MATERIAIS DE APOIO Módulo Metodología de la Investigación. Axencia de Coñecemento en Saúde. Servizo Galego de Saúde (SERGAS), Santiago de Compostela. Disponible en: https://www.youtube.com/playlist?list=PLmquZD2sO_g4_tj1q-ZjNhr3i64iETgTM Módulo gestión de resultados. Axencia de Coñecemento en Saúde. Servizo Galego de Saúde (SERGAS), Santiago de Compostela. Disponible en: https://www.youtube.com/playlist?list=PLmquZD2sO_g7K1B8W9kzkjUTOML-N3nu6</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010

Método científico e Saude Pública/750G02011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías